

A pequena historia dunha victoria sindical

Persoal de cociña dos comedores escolares

Desde o pasado 1 de outubro, os traballadores e traballadoras dos comedores escolares desta Comunidade Autónoma Galega están incluídos, a todos os efectos, no ámbito do Convenio único do Persoal Laboral da Xunta.

Esta incorporación, ademais de significar que a Consellería de Educación os reconece como propios, leva consigo importantes incrementos nos seus salarios (superiores ás 20.000 Ptas. mensuales), así como outros aspectos recollidos tamén no convenio único.

Este cambio é o resultado dunha importante batalla sindical orientada polo criterio, sempre defendido pola Federación do Ensino de CC.OO., de que os centros educativos non son empresas con fins lucrativos e por tanto a Administración Educativa tería que recoñecer a estes traballadores como propios. Con anterioridade xa se lograra impor este criterio en outras comunidades, como Murcia, tras unha histórica sentenza laboral. Tamén foi recoñecida esta reivindicación en Andalucía previa declaración de conflito colectivo e posterior acordo entre os sindicatos e a Junta de Andalucía.

En Galicia este recoñecemento foi a culminación dun intenso proceso marcado polo tesón de CC.OO. e a vontade maioritaria dos 700 traballadores e traballadoras do sector.

CC.OO. plantexou esta reivindicación o longo de todo o proceso negociador que culminou no primeiro convenio único de Persoal Laboral. As fortes resistencias da Consellería de Educación e a falta de convicción nesta demanda por parte dos restantes sindicatos impediron que quedara recollido xa no texto do convenio.

Cando se chega a firma do convenio, CC.OO. anuncia que non renunciará a esta reivindicación. Inmediatamente trata de reforza-la organización do colectivo e transmitir a convicción no éxito si se estaba disposto a secunda-las medidas de presión que fora preciso convocar.

Xunto con isto o sindicato reiniciaba, certo que con escasos resultados, a búsqueda dun acordo coa Administración: Consellería de Economía e de Educación, que seguía sen querer falar do tema e respondía que «non eran traballadores seus».

No mes de marzo presentase, polos representantes de CC.OO. na Comisión Paritaria do convenio único, a demanda de integración para que esta comisión a estudie e dé unha resposta. Paralelamente intensifícanse as asembleas nas que se toma a decisión de convocar folga en maio se a resposta da Xunta na Comisión Paritaria fora negativa.

Ata a data da citada Paritaria, xa coa decisión firme de folga tomada, CC.OO. fai o último esforzo negociador. No día anterior hai unha entrevista co secretario Xeral Técnico de

Educación que ante o anuncio da mobilización empeza a contempla-la hipótese dun acordo si Economía asume o custo. Pola tarde representantes de CC.OO. consiguen reunirse co conselleiro de Economía, reunión na que ademais de exporlle as razóns da demanda, se presenta o estudo exhaustivo e riguroso do coste económico da demanda de

integración e se informa ó conselleiro das medidas de presión previstas. Por fin Economía decide asumir-o coste e acorda con Educación os pormenores para que as dúas consellerías conxuntamente den unha resposta positiva na Paritaria do día seguinte como finalmente sucede.

Desde ese día constitúese unha Comisión Técnica entre sindicatos e Consellería de Educación para completalo acordo, acordo que se incorpora a acta da Comisión Paritaria do día 16 de xuño do 89.

Transitoriamente, ata os novos Presupostos, as nóminas son pagadas a cargo das asignacións de comedor mais a diferenza transferida por Economía, gastos que están consignados no capítulo II da lei presupostaria, a partires dos seguintes estes salarios estarán xa separados e reflexados no capítulo 1 (gastos de persoal).

Esta é a pequena historia con moralex a dunha reivindicación sindical culminada polo éxito, que coidamos importante e significativa, éxito do que desconfiaban os demais sindicatos e que so foi posible gracias a suma das vontades dos traballadores e traballadoras xunto coa decisión e firmeza de CC.OO..

Santiago, 8 de novembro de 1989